

OllOs

de aula

ANO III - Nº 18
Decembro 2014- xaneiro 2015

Revista para as familias do alumnado

Homes para o século XXI

Como é o primeiro ano de escola?

O Regulamento de Réxime Interno



12:59 PM

O filme *A Esmorça*, baseado na novela de Blanco Amor e 100% galego, acada os 15000 espectadores na súa primeira semana. Orgullosos/as do noso cine!



Menu

15%

Todo o que buscas para poder gozar do Nadal co teu fillo/a (cartas, contos, panxoliñas...) podes atopalo en <http://ir.gl/c3e3b7>

Quédache cerca O Carballiño, As Pontes, Sanxenxo ou Foz? Entón deberías coñecer o



programa *Cinemas de Galicia*. Infórmate na súa web: <http://ir.gl/O7f>

SAMSUNG

12:45 PM

BlackBerry


3G

12:21

3

Dende o 2 de decembro a túa páxina web xa pode ser ".gal". Registra o teu dominio, que cho poden coller! Tes toda a información en www.puntogal.org/

10:35



Feliz 2015 para ti e para os teus

Arrasa en Youtube un vídeo sobre o seseo e a gheada. Mírao en <http://ir.gl/29c666>

Revista editada pola CGENDL
www.coordinadoraendl.org
ollosdeaula@gmail.com
Deseño-maquetación:tallerDD.com

A pregunta

Como é o primeiro ano de escola?



Responde: Belén Escariz Ferrín

[Mestra de Infantil no CEIP Quintela (Moaña - Pontevedra)]

Cando un neno ou unha nena comeza a escola, a familia pode vivir os momentos iniciais con certa inquietude natural, pero este primeiro ano de Educación Infantil dará lugar a grandes progresos no desenvolvemento motor, cognitivo, afectivo e social.

O período de adaptación (PDA) é a primeira acción conxunta que toman a escola e a familia para garantir unha atención máis individualizada aos pequenos/as, axudándolles a coñecer un novo mundo e prestándolles apoio emocional para que poidan establecer relacións sociais enriquecedoras co grupo clase.

A escola trae grandes cambios, axudando a regularizar horarios e hábitos, pero os progresos máis notorios danse no ámbito da autonomía persoal, xa que toda a actividade da xornada escolar está deseñada sobre a acción do propio alumnado, eles son os protagonistas das conversas, dos xogos, das aprendizaxes, das tarefas. Exprésanse, escoitan, actúan, experimentan, investigan, comparten..., en definitiva, medran.

A chegada a esta comunidade de aprendizaxe actúa positivamente no desenvolvemento emocional a través da convivencia co grupo e da propia acción. Negocian, esperan, planean, axudan, apoian, é dicir, aprenden a relacionarse cos iguais, unha aprendizaxe que necesitarán ao longo de toda a súa vida.

O desenvolvemento cognitivo experimenta tamén moitos avances, ao ir parello á mellora da competencia lingüística. Isto ocorre porque a comunicación de experiencias, vivencias, sentimentos e emocións crea un contexto natural para que a expresión oral progrese.

Sobre estes importantes piares: (a autonomía persoal, o equilibrio emocional, a competencia lingüística e o desenvolvemento cognitivo) medrará un alumnado capaz de afrontarse a todo tipo de aprendizaxes ao longo da súa incipiente vida escolar.

A educación debería ser un dos instrumentos fundamentais para a igualdade entre os sexos. A autora reflexiona neste artigo sobre dous aspectos da educación masculina que teñen unha grande influencia na reprodución do sexismo, e que son facilmente identificables no comportamento de moitos mozos adolescentes: a precaria relación coas súas emocións e a cultura do risco.

A educación da masculinidade no século XXI

M^a Sonia Fernández Casal


[Docente de Matemáticas no IES Fontexería (Muros-A Coruña)]

O cambio na educación dos mozos resulta un factor determinante para que poidamos avanzar cara á consecución da igualdade entre homes e mulleres, xa que estas temos protagonizado nas últimas décadas unha serie de cambios e avances que afectan a toda a sociedade, pero dos que os homes non teñen participado de forma activa.

Un reto fundamental deste século debe ser construír novos modelos de masculinidade que rompan con aqueles elementos da educación masculina tradicional nos que se sustenta a discriminación de xénero. De conseguírmolo, non só han saír gañando as mulleres e a sociedade no seu conxunto, senón que tamén terá aspectos moi enriquecedores para os mozos. Se ben é certo que, no camiño cara á igualdade, os homes teñen que renunciar aos privilexios que como colectivo lles reserva a sociedade –mellores soldos, máis tempo libre, maior autoridade, servizo doméstico...– tamén o é que a menor esperanza de vida do sexo masculino, as taxas maiores de accidentes de tráfico, de fracaso escolar, drogodependencia, delincuencia, accidentes laborais... teñen moito que ver co modelo masculino tradicional que se

lles segue a ofrecer, case como única alternativa, ás novas xeracións.

Un primeiro paso cara á educación de futuros



homes igualitarios debe ser ensinarlles aos nenos e aos adolescentes a relacionárense coas súas emocións. A educación tradicional convida os nenos a non expresar, a ocultar, negar ou relativizar sentimentos como a tristeza, o medo, a vulnerabilidade, a empatía, a tenrura, a necesidade de consolo... Este proceso, continuado ao longo de anos, fai que xa de adultos moitos homes teñan non só dificultades para expresar as súas necesidades afectivas, senón mesmo para identificalas, o que, en contra das aparencias, os converte en adultos con baixa tolerancia á frustración e dependentes a nivel afectivo e emocional. Son adultos proxectados cara ao exterior, pero moi pouco conectados co seu mundo interior e, polo tanto, cun mundo afectivo e emocional mutilado, que empobrece as súas vidas: o coidado propio e o doutras persoas reséntese como consecuencia desa desconexión emocional.


Outro factor que hai que desactivar con urxencia é a cultura do risco que leva a nenos, adolescentes e adultos a desprezar a súa propia seguridade para conseguiren o recoñecemento e a admiración dos demais. O “valor” nun home fusiona a súa valía coa súa valentía, e lévao a considerar o propio corpo coma invulnerable.

Poñerse en situacións de risco é expresión máxima desa afouteza mal entendida, o que propicia condutas tan destrutivas como a condución temeraria, tipicamente masculina. Afrontando situacións de risco, os adolescentes alimentan o seu sentimento

de superioridade fronte a outros membros do grupo e fronte a todas as mulleres, e isto representa, polo tanto, un aspecto fundamental na reprodución do sexismo.

Velaquí, pois, un par de propostas para axudar a nenos e adolescentes a superar o asfixiante molde da masculinidade tradicional, para se-

Un reto deste século debe ser construír novos modelos de masculinidade



Palabras do ensino

Lines Salgado

{RRI}

No inesgotable campo das siglas do ensino, ocupámonos hoxe do RRI, é dicir, do Regulamento de Réxime Interno. É este un documento que ten que existir en todos os centros educativos e que recolle as súas normas de funcionamento. Inclúe aspectos moi variados cos que toda a comunidade educativa ten que traballar: os principios que rexerán a actividade do centro, os horarios, as instalacións, normas básicas de funcionamento (horarios, excursións, cualificacións, materiais, etc.) e un apartado moi coñecido, sobre todo por ser utilizado moi habitualmente, que son as normas de convivencia. Neste epígrafe recóllense os dereitos e deberes do alumnado e o protocolo de actuación no caso de condutas contrarias á convivencia escolar, é dicir, as sancións posibles e os encargados de levalas a efecto. A diferenza do PEC (Proxecto Educativo de Centro), máis abstracto e xeral, o RRI é a tripa, o menú do día dos centros de ensino.

CADENCIAS

Gracia Santorum

Para ler

O rabaño. A editorial La fragatina publica na nosa lingua este álbum de Margarita del Mazo con ilustracións de Guri-di que nos achega un novo punto de vista sobre conciliar o sono. As ovellas deste libro teñen unha vida moi doada, xa que non deben pensar nin saltar o mandado, é dicir, comer, durmir... e axudar a durmir. Que é unha tarefa ben importante! E para axudar aos humanos, só hai que saltar en ringleira e coa numeración apropiada. Pero que ocorre cando unha se rebela, converténdose nunha ovella negra?



Para cavilar



Ícaro. Álbum de Federico Delicado, gañador do VII Premio Internacional Compostela. Demostración de que este xénero non é só infantil, xa que ofrece múltiples lecturas e diferentes interpretacións ante un texto que non sabemos se conta unha historia fantástica con final feliz ou unha realidade cruel da que cómpre evadirse. Dúas tonalidades nas súas páxinas e diferentes tipos de letra para amosar a realidade e os records. Un libro imprescindible, fermoso, diferente.

Para saber

Os dereitos da infancia. En 1959 a ONU aprobou a Declaración Universal dos Dereitos do Neno. Dez principios que perseguen garantir a nenos e nenas os coidados, a protección e a educación necesarios. Neste libro, cada un destes dez principios ten o seu propio conto de dez autores e autoras, ilustrados todos eles por Emilio Urberuaga. Un obxectivo común: lembrarnos a importancia desta Declaración e lembrarlles a lectores e lectoras que estes existen e non deben esquecelos, senón reclamálos. Porque son fundamentais para construír un futuro mellor.



Da lingua

O punto máis especial

Neste mundo frenético da comunicación instantánea, resulta cada vez máis complicado atopar un elemento que nos distinga entre o incesante balbordo de mensaxes e imaxes.

E a comunidade que non atope axiña un signo distintivo, unha marca de calidade, ficará condenada a que a súa voz caia no esquecemento dun cemiterio virtual.

Por iso, xa vai sendo hora de que as galegas e os galegos reivindicuemos o noso punto.



Un punto de distinción.

Un punto de elegancia.

Un punto que suma e sobresaé.

O noso punto **.gal**, coqueto e xuvenil.

Para que na rede tamén saiban de onde vimos e onde estamos.

Xusto aquí, neste recuncho do planeta onde o porvir se escribe con gue de galego.